O CORAZÓN DE XÚPITER

Título:

O corazón de Xúpiter.

Autora:

Ledicia Costas.

Ledicia Costas Álvarez, nada en Vigo o 19 de setembro de 1979, é unha escritora galega. Gañou o Premio Nacional de Literatura infantil e xuvenil de España en 2015, pola súa obra *Escarlatina, a cociñeira defunta*.

Resumo

Non foi doado para Isla mudar de cidade e empezar de cero nun novo instituto. Devecía por dar un paseo polo espazo, avistando planetas a través do telescopio, mergullada no ventre do universo. Casiopea, o nome da tartaruga máxica de Momo, era o nick que empregaba nos foros sobre astronomía nos que participaba adoito. Alí coñeceu a Xúpiter, alguén que semellaba saber moito de estrelas. As longas conversas até ben entrada a madrugada prenderan unha luz, entre os dous existía unha maxia que traspasaba as fronteiras do ciberespazo. Isla sentiu a necesidade de sabelo todo sobre Xúpiter: onde vivía, a que instituto ía, o seu nome real. Quedaron para se coñecer nunha noite de San Xoán de cacharelas e mar embravecido. Foi entón, despois de despedirse da súa amiga Mar, cando Isla se precipitou na escuridade. A súa vida estaba a piques de cambiar para sempre.

Personaxes principais

Xúpiter

É o ciber-amigo de Isla, ela ten a necesidade de saber todo sobre el e non sabe nada da súa vida, simplemente os une o gusto pola astronomía.

Anxo

Coñeceu a Isla no planetario e mostra un afecto cara a ela durante toda a novela a pesar dos pequenos enfados e de ser un amor non correspondido

Mar

É a mellor amiga de Isla.

Carballo

Vai a clase con Mar e Isla. Dende o principio da novela tenta facerlle a vida imposible. Ten problemas familiares.



Isla

Protagonista da historia. Múdase á Rexión (lugar na costa de Galicia) ao mesmo tempo que empeza a falar con Xúpiter.
É unha rapaza aplicada e pode pasar horas mirando polo seu novo telescopio.

Presentación

-Chegada de Isla.

-Primeiro día de instituto.

-Relación con Xúpiter.

-Viaxe ao planetario.

Nó

-Medusas/Cervexaría.

-Relación con Xúpiter(enfado de Mar e Anxo).

-Vídeo de Carballo.

-Sandra.

Desenlace

-Fin de curso e concerto.

-Noite de San Xoán

Ángela Diéguez Fernández 3ºB